

Filatelia

Repenique dunhas pingas

de

c

v

o

a

h

i

de verán.

Lene son dunha

Inefable melifluosidade

contida no máis fondo,

humilde

e perceptible

matiz

Estrépito dun **tempo**

que necesito

que estou a malgastar

dese que necesito,

que necesito...

Pra pringar de cuspe o meu selo

e pegalo á nosa carta chea de medo(s)

Pra enviarlla á Lúa, pra que a lea

Pra que a túa filofobia

se converta na miña selenofilia

E os nosos selos apócrifos

teñan remitentes

Silencio dunha redonda con caldeirón

nunha cadencia final

Batuta a piques de rematar

Derradeiro folgo

[*Matiz*

Dupla barra

Tempo

Final

Silencio]

Ad æternum